

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 29 de decembro de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Carlos López Font  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás 13.40 horas do día vinte e nove de decembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(2240).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Ratifícase a urxencia por todos os membros presentes.

**2(2241).- ADXUDICACIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA O CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO DENDE A CONCELLERÍA DE COMERCIO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3662/104.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da xefa do servizo de Comercio, do 15.12.2010, co conforme do concelleiro delegado de Comercio, co informe do letrado asesor do 23.12.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 28.12.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. A aprobación da presente resolución de concesión de subvención directa por un importe de 60.000,00 €. a favor da entidade: Consorcio Casco Vello de Vigo, co CIF: G-36958544 con enderezo social na Praza do Rei, s/n en Vigo. c/c 2080 0000 71 0040286709 con cargo á partida 4310.4670000 do vixente orzamento e de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O Consorcio do Casco Vello de Vigo ven realizado dende xullo de 2008 a prestación do servizo de coidadores de barrio, e tendo en conta que a Concellería de Comercio do Concello de Vigo, ten determinado no seu orzamento para o presente ano unha subvención con carácter nominativo e directo, plantéase a presente proposta de resolución para a adxudicación desta subvención por un importe de 60.000,00 euros.

b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010.

c) Esta subvención ten un claro carácter de interese público social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2010, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

d) Esta subvención non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

e) Que o Consorcio do Casco Vello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atopándose ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentas con este Concello de Vigo.

f) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución, o Consorcio do Casco Vello de Vigo, dentro do prazo máximo de tres meses dende a notificación da resolución, deberá entregar unha memoria xustificativa da realización da actividade para a que foi concedida esta subvención.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

i) O beneficiario está informado que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

### **3(2242).- VENDA DE 150 CATÁLOGOS, DOS 500 EDITADOS CO GALLO DA EXPOSICIÓN “ABREVERBA”. EXPTE. 12769/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do xefe do departamento de Cultura, do 13.12.2010, co conforme do concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno Local acorda:

Poñer á venda 150 catálogos, dos 500 editados co gallo da exposición "ABREVEVERBA" a un prezo unitario de venda ó público de DEZ (10) EUROS.-, I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio.

### **4(2243).- REVISIÓN ORDINARIA DE PREZOS DO CONTRATO DE RECOLLI-DA DE RÉSIDUOS SÓLIDOS URBÁNS, LIMPEZA VIARIA E LIMPEZA DE PRAIAS Á EMPRESA FCC.S.A. EXPTE.19086/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da técnico da administración especial, do 10.11.2010, co conforme da Concelleira de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a 5º.- revisión ordinaria de prezos do contrato de recollida de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e limpeza de praias, cuxa adxudicataria é a empresa FCC, S.A., fixando o prezo contractual a partir do 1 de xuño de 2008 ata o 31 de maio 2009 na cantidade de 22.017.188,83 euros/ano.

2º.- Recoñecer á empresa adxudicataria, en concepto de atrasos pola diferenza de prezos entre o prezo revisado da anualidade anterior, é dicir, xuño 2007/2008, e o prezo facturado pola empresa, incluíndo a ampliación do contrato de data 04/09/2009 ata decembro de 2010, a cantidade de 1.216.750,39 euros.

3º.- Dito gasto poderase imputar a partida presupostaria do servizo de limpeza 1620.227.0000.

4º.- Denegar o apartado b) da solicitude da empresa referente a revisión da man de obra pola aplicación do convenio colectivo vixente da empresa, ó entender que a revisión deberase axustar ó prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, no que se prevé que a revisión da man de obra efectuarase pola aplicación do ipc do ano de revisión mais 1,5 puntos.

#### **5(2244).- AXUDICACIÓN DOS PREMIOS DA I EDICIÓN DO CONCURSO DE CREACIÓN ARTÍSTICA “EU TAMÉN PODO 2010.”EXPTE. 58725/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da técnica responsable do programa e do xefe da área de Benestar Social, do 14.12.2010, co conforme da concelleira delegada da área de Benestar Social e da concelleira delegada de Economía e Facenda, co conforme da xefa do servizo de Fiscalización de data 21.12.2010 e co conforme do Interventor Xeral da mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º Adxudicar as persoas que se relacionan a continuación os premios da I Edición do concurso de creación artística “EU TAMÉN PODO” 2010

##### Na Modalidade de Pintura

- 1º Premio na categoría de adulto (250,00€) para Sergio Viudez Nogueira, NIF 36127601Y pola súa obra “Azul”
- 2º Premio na categoría de adulto (100,00€) para Adriano Rodríguez Moure, NIF 35554038V pola súa obra “AMUPIRETO”
- 1º Premio na categoría de entidades (150,00€) para o Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, CIF Q8650013I pola obra “A árbore da vida”

–

##### Na Modalidade de Debuxo

- 1º Premio na categoría de adulto (250,00€) para Francisco Jesús Vidal Pereira NIF 53187542L pola súa obra “Illa de Pascua”
- 2º Premio na categoría de adulto (100,00€), para Valentín Gutiérrez Gutiérrez, NIF 78738094D pola súa obra “O mundo dos animais”
- 1º Premio na categoría de entidades (150,00€), a Fundación Menela, CIF 36685964-G pola obra “Dona do meu tempo”

Na modalidade de Creación literaria

- 1º Premio na categoría de adulto (250,00€) para Pilar Álvarez Torrent NIF 36035051P pola obra “Adaptación da obra Romeo e Xulieta”
- 2º Premio na categoría de adulto (100,00€) para Mª del Carmen Fernández Caneiro, NIF 34566615-F pola súa obra “Máis alá da vida”

Na modalidade de Fotografía

- 1º Premio na categoría de adulto (250,00€), para Adrián Saavedra Agulla, NIF 36177880-F pola súa obra “Cores”
- 2º Premio na categoría de adulto (100,00€), para Artur Fariñas Pedreira, NIF 36121350-B pola súa obra “Fauna na Praza de Compostela”
- 1º Premio na categoría de entidades (150,00€) para a Asociación a favor das persoas con discapacidade intelectual da provincia de Pontevedra (ASPANAEX) CIF G-36605905 pola obra “Canasta”

2º Aprobar o pago dos premios reseñados no apartado anterior pertencentes a I Edición do concurso de creación artística “Eu tamén podo 2010”, que se aboarán mediante transferencia bancaria con cargo RC-201000071676-Outras actividades gupos desfavorecidos

3º Aprobar o libramento a xustificar a nome de Mª Jesús Sanromán Varela con nif 36018668-R por un importe de 100,00€ que se ingresará na conta habilitada do departamento de benestar social 2080 00 00 74 0040242619, cargo ao RC 201000071676, outras actividades grupos desfavorecidos. Ca devandita cantidade aboarase o premio a Adriano Rodriguez Moure, con NIF 35554038V.

#### **6(2245).- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NA OMIC NO MES DE DECEMBRO. EXPTE. 349/302.**

Dáse conta dos expedientes de contrato menor tramitados no servizo da OMIC no mes de decembro de 2010, segundo informe da xefa do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo:

332-302. Estudio sobre a calidade de auga para o consumo no embalse de Zamáns

333-302. Reserva crédito diversos gastos na atención os participantes no Taller Reciclaxe “Consumo Responsable”

338-302. Reserva crédito material publicitario oficina OMIC.

342-302. Reserva crédito para Revistas, Libros e outras publicacións.

336-302. Edición Axenda Vigo 2010.

337-302. Suministro 5.000 embudos programa “Recicla o aceite da cociña”.

343-302. Reserva crédito atencións protocolarias OMIC.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**7(2246).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE ACOPIOS PARA OBRAS DE INSTALACIÓN AUDIOVISUAIS DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3903/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da técnica do servizo de Animación sociocultural, do 29.12.2010, co conforme do concelleiro delegado da área, co informe da xefa do servizo de Fiscalización de data 29.12.2010 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar o acopio de materiais para as obras de instalacións audiovisuais do Auditorio Municipal do Concello de Vigo expte. 3774-335 por importe de 41.903,00 euros (ive incluído)”.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 13.50 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.